

POR QUE AS NENAS E OS NENOS?

Texto de FRANCESCO TONUCCI

Limiar de MAR ROMERA

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 120 páx. 14 €. ISBN 978-84-1343-063-8. Biblioteca de Pedagogía.

“...Existían dúas maneiras, radicalmente diferentes entre si, de considerar a infancia: unha, como un período de espera, de preparación para as cousas importantes da vida que han de vir máis tarde e principalmente grazas aos adultos e aos docentes; a outra, como o período explosivo dos coñecementos e das competencias que toda nena e todo neno traen consigo desde a súa concepción...”


«Por que as nenas e os nenos?» é a obra máis xenuina de Francesco Tonucci, un punto de inflexión na traxectoria deste pedagogo de sona internacional arredor dos dereitos e da dignidade da infancia. Trátase dun ensaio imprescindible que bota luz sobre as grandes contradicións do mundo actual ante temas tan importantes como a educación e a infancia. Este libro non é a presentación dun proxecto educativo, explica o autor, senón “un testemuño emocional, persoal e profesional”.

Cando, aos tres anos, o seu primeiro fillo dixo a palabra “descubrido”, Tonucci quedou marabillado pola forma na que instintivamente conxugara o verbo de forma lóxica, malia non saber que era irregular. Nese erro, Tonucci viu unha revelación: se as nenas e os nenos a esa idade sabían tanto, pensou, “como é que a escola, cando teñen seis anos, os obriga a encher as páxinas do caderno con letriñas do alfabeto ou palabras sen sentido?”. Tras moitos anos estudando o pensamento e o comportamento infantís, esta anécdota levouno a un cambio de visión. Esta obra reflexiona arredor da necesidade de ver as nenas e os nenos como seres con talento que merecen o seu propio espazo na sociedade.

“Cada erro dos nenos é unha invención”, sostén o autor.

Cando se trabucan están inventando algo, polo que os erros deberían ser un foco de atención na escola, unha fiestra aberta ao seu mundo secreto. Esta idea refórzase a través dos avances da ciencia, que chegou a un consenso: a etapa máis importante da vida é a primeira, na que se poñen os alicerces do que se vai construír posteriormente.

Tonucci rexeita así a antiga idea sobre que o importante comeza aos seis anos coa aprendizaxe das letras e dos números. A crenza xeralizada sostiña que a etapa infantil prepara para a primaria e que a primaria para a secundaria; pero el insiste no contrario: o importante vén ao principio, nos primeiros anos, por iso é fundamental que se faga ben.



- **Temática:** nova cultura respectuosa coa infancia.
- **Receptores:** docentes, educadores; nais e pais; todos os públicos.
- **Aspectos destacables:** da colección *Biblioteca de Pedagogía* -Premio Gala do Libro 2019 de Iniciativa Bibliográfica- que dirixe o profesor de Historia da Educación, Antón Costa; outros títulos da colección: «[A cidade dos nenos](#)» e «[Cando os nenos din Basta!](#)» de Francesco Tonucci; «[Educación para un mundo novo](#)» de María Montessori; «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» de Lev Vigotski; «[Carta a un profesor mozo](#)» de Philippe Meirieu; «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» de Jean Piaget; «[Pedagogía do oprimido](#)» de Paulo Freire; «[Carta a una profesora](#)» da Escola de Barbiana; «[Técnicas Freinet da escola moderna](#)» de Célestin Freinet; «[Educar a través da arte](#)» de Vicente Blanco, Salvador Cidrás e Rocío Modia; «[Experiencia e educación](#)» de John Dewey.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/por-que-as-nenas-e-os-nenos-g>

Francesco Tonucci

(Fano, Italia, 1940)

Educador e psicopedagogo, autor de numerosos libros sobre a infancia na sociedade actual. Graduado en Pedagogía en 1963 (Universidade Católica de Milán), traballou como mestre e dirixiu o Departamento de Psicopedagogía do *Consello Nacional de Investigación* italiano. Desde 1991 realiza na súa cidade natal de Fano o proxecto «A cidade dos nenos». En 1997 foi nomeado presidente do *Comité Italiano de Televisión e Menores* para a protección da infancia. Colabora coa *Cidade da Ciencia* de Nápoles e co seu *Laboratorio dos nenos*; é asesor científico do proxecto «O museo dos nenos» de Roma e doutras entidades vencelladas ao *Proxecto Internacional da Cidade dos Nenos*, que se está a desenvolver en Italia, España e varios países latinoamericanos. Nos últimos anos vén realizando unha gran difusión das súas investigacións a través de distintas obras que, desde o italiano, tradúcense a outras linguas.

<http://www.lacittadeibambini.org>